

Por que contratar a un Oceanógrafo?

- Porque ten unha formación multidisciplinar.
- Porque está preparado para adaptarse aos cambios.
- Porque entende de recursos mariños.
- Porque coñece os fenómenos que teñen lugar nos océanos.
- Porque sabe onde recorrer para buscar información.
- Porque ten visión empresarial.
- Porque ten capacidade de traballar en equipo.

Onde xa traballan Oceanógrafos?

- Asesorías e Consultorías.
- Empresas de Enxeñería Civil.
- Confrarías de Pescadores.
- Conserveiras.
- Plantas de Acuicultura.
- Centros de investigación.



Asociación
de **Oceanógrafos**
de Galicia

Avda. Abelleiras s/n
Facultade de Ciencias do Mar
Campus Universitario de Vigo
36310 Vigo (Pontevedra)
Tel/Fax: 986 81 34 82
Móbil: 615 054 954
xeral@oceanografosgalicia.org
www.oceanografosgalicia.org

Onde se forman os Oceanógrafos?



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Facultade de Ciencias do Mar
Campus Universitario de Vigo
36310 Vigo (Pontevedra)
Tel: 986 81 25 52 Fax: 986 81 25 56



Universidad
Católica
de Valencia
San Vicente Mártir



UNIVERSIDAD DE LAS PALMAS
DE GRAN CANARIA



Universitat d'Alacant
Universidad de Alicante



UCA
Universidad
de Cádiz



Asociación
de **Oceanógrafos**
de Galicia

OCEANÓGRAFOS

Profesionais por descubrir



Que son os Oceanógrafos?

Son os profesionais, principalmente licenciados en Ciencias do Mar, que posúen unha formación específica en todos os campos relacionados co medio mariño e litoral.

Que sabe facer un Oceanógrafo?

- Elaboración de peritaxes, informes e proxectos.
- Xestión de actuacións e coordinación de equipos multidisciplinares.
- Execución de plans de mellora.
- Implementación e desenvolvemento de programas de transferencia tecnolóxica.
- Realización de campañas oceanográficas.
- Asistencia e asesoramento no medio mariño.
- Docencia, divulgación e sensibilización.
- Manexo e aplicación de sistemas de información xeográfica (GIS)

Oceanografía Química

- Dirección e realización de ensaios en laboratorio.
- Xestión de plantas desaladoras.
- Explotación de recursos químicos mariños para farmacoloxía, cosmética, sector enerxético, industria química...

Oceanografía Física

- Aplicación oceanográfica da teledetección.
- Meteoroloxía e Climatoloxía.
- Evolución de vertidos.
- Aproveitamento enerxético.
- Aplicación de técnicas, de análise de datos e teoría dos fenómenos físicos mariños.
- Xestión e deseño de mareógrafos, boias meteorolóxicas e boias oceanográficas.

Oceanografía Biolóxica

- Realización de labores de inspección e extensión pesqueira.
- Asesoramento en tecnoloxías de explotación, avaliación e xestión.
- Realización de peritaxes e asistencia técnica a confrarías de pescadores.
- Deseño, planificación e xestión de explotacións e plantas de acuicultura.
- Dirección e realización de análises microbiolóxicas, patolóxicas e de sanidade animal.
- Supervisión e dirección de lonxas.
- Aplicación de técnicas de bioloxía molecular e xenética ao cultivo e repoboación.

Xestión Mariña

- Desenvolvemento e planificación de estudos aplicados á enxeñería civil como paso previo as actuacións no medio mariño.
- Avaliación e prevención de riscos no sector marítimo.
- Elaboración e execución de plans de ordenación do litoral.
- Xestión de actividades de ocio e turismo, centros de interpretación ambiental, parques e espazos naturais protexidos e centros de recuperación de especies mariñas ameazadas.
- Consultoría e asesoramento ambiental.
- Xestión de catástrofes naturais.
- Planificación, dirección e xestión de portos.
- Xestión de estacións de depuración de augas.
- Xestión de acuarios e museos relacionados co medio mariño.

Oceanografía Xeolóxica

- Explotación de recursos xeolóxicos mariños.
- Elaboración de batimetrías, cartografías e prospección xeofísica.
- Modelización de procesos xeolóxicos nos océanos.
- Rexeneración de praias.

xeral@oceanografosgalicia.org
www.oceanografosgalicia.org